



<http://defensasanidadecoruna.tk> = [defensasanidade@gmail.com](mailto:defensasanidade@gmail.com)

## **A CORUÑA: GUIA DO DOENTE PARA EVITAR SER DERIVADO A UN CENTRO PRIVADO**

A derivación de doentes a centros privados, para que se lles realicen probas diagnósticas ou intervencións cirúrxicas, está “legalizada” polo artigo 90 da Lei Xeral de Sanidade –aínda que, en teoría, antes de facelo, os centros públicos deberían ter realizado unha “utilización óptima dos seus recursos propios”.

Nembargante –dende fai moitos anos- tódalas comunidades autónomas, independentemente de quen tivera gobernado, mantiveron infrautilizados os centros públicos, para “xustificar” unha derivación, cada vez maior, dos procesos e doentes “rendibles” ós centros privados. Mentres, o sector público séguese facendo cargo do complexo e o custoso.

Tras 28 anos de vixencia, co conformismo e o silencio de tódolos partidos políticos con representación parlamentaria, hai suficientes datos obxetivos que demostran que este articulo é un mecanismo ideado para desmantelar a sanidade pública e potenciala privada, ó tempo que se enchen os bolsillos dos seus accionistas. Sen dúbida, debería ser derogado.

### **¿POR QUÉ ES PREFERIBLE SER ATENDIDO EN UN CENTRO PÚBLICO?**

#### **CALIDADE**

- Múltiples estudos internacionais, publicados en prestixiosas revistas científicas, poñen de manifesto que a mortalidade é **superior** nos doentes atendidos en centros **con ánimo de lucro**: un **2% en adultos**, un **8% en doentes crónicos** e un **9,5% en recién nados**.

- **A sanidade pública é a única** que pode asegurar a **calidade e a universalidade** da asistencia, por isto hai que evitar que se desvíe o diñeiro público da nosa asistencia sanitaria a ningunha empresa privada.

#### **ECONOMIA**

- O obxectivo fundamental das empresas é a **obtención de beneficios**.

- En consecuencia, a sanidade privada é moitísimo **máis cara ca pública**.

Cantos máis doentes elixan a privada, máis se xustificará a rebaixa de presupostos, co consiguiente deterioro da calidade dos centros públicos.

- **Os traballadores dos centros públicos non reciben** (aínda) **incentivos económicos por dar altas prematuras**, non ingresar ós doentes, **realizarlles poucas probas**, etc., como ocorre nos centros privados.

- Os centros públicos, polo xeneral, están **mellor dotados de material e recursos humanos**.

## **CANDO NECESITES SER ATENDIDO, ¿TES DEREITO A ELEXIR UN CENTRO PÚBLICO E RECHAZAR UN CENTRO PRIVADO?**

**Sí**; hai que esixir ca atención sanitaria que nos teñan indicado -probas, consulta co especialista, hospitalización- sexan realizadas nun centro público.

## **¿QUÉN TE CHAMA PARA OFRECERTE AS CITAS?**

O sistema de citas está privatizado. Quen te chama para darte unha cita non é nin un sanitario, nin un traballador público, senón un **teleoperador** que, seguindo indicacións, trata por tódolos medios que aceptes ser derivado a un centro privado.

## **¿QUÉ PODES FACER SI SE CHE ADVIRTE DE QUE SER TRATADO NUN CENTRO PÚBLICO IMPLICARÁ UN LONGO RETRASO?**

Si o teleoperador alega ca cita nun centro público vai supoñer un largo retraso, debes esixir varias cousas:

-Que che comuniquen por escrito os tempos de espera nos centros públicos nos que che negan a cita porque existe unha gran demora.

- Si é posible, e chámante a un teléfono móbil, activa a opción «**GRABAR**» ou o altavoz para que alguén poida atestiguar o que che están dicindo.

**-Que o teleoperador se identifique** co nome e apelidos.

En moitas ocasións, os teleoperadores indican que a lista de espera nun centro público é de varios meses. Con posterioridade, os propios doentes teñen chamado directamente ó hospital ou ó centro de especialidades públicos, e teñen descuberto que non tiñan demora ou que a espera era dunhas poucas semanas. En definitiva, tratan de derivar ós doentes hacia os centros privados, baleirando de actividade os centros públicos, para mellor xustificar o seu posterior desmantelamento ou o peche.

Mentres non necesitemos utilizalos servizos, parte do diñeiro que cada cidadán ten asignado para a súa asistencia sanitaria (uns 1.100 € persoa/ano) pasará ás empresas privadas.

## **¿CÓMO ACTUAR SI, TRAS RECHAZAR SER ATENDIDO NUN CENTRO PRIVADO É DARCHE CITA NUN PÚBLICO CON MOITA DEMORA, A TÚA SITUACIÓN EMPEORA OU SE AGRAVA?**

En primeiro lugar ponte rapidamente en **contacto co teu centro público**, explicando a túa situación para que che atendan o antes posible. Si non che ofrecen unha solución aceptable, presenta un escrito na **Consellería de Sanidade**, solicitando adianto da cita, indicando, que si non recibes atención en prazo, faralos responsables das consecuencias que puideran producirse.

## **¿A DONDE PODES ACUDIR PARA POÑER UNHA RECLAMACIÓN?**

É posible reclamar en varios lugares, e é moi importante facelo sempre por escrito e gardando unha copia, por si máis adiante houbera que iniciar accións legais ou de outro tipo:

- No teu ambulatorio.
- Hospital Universitario da Coruña
- Hospital Abente y Lago
- Centro de especialidades do Ventorrillo
- [http://www.sergas.es/MostrarContidos\\_N2\\_T01.aspx?IdPaxina=40093](http://www.sergas.es/MostrarContidos_N2_T01.aspx?IdPaxina=40093)
- [http://hospitalcoruna.sergas.es/ciudadano/derechos/servicio\\_atencion\\_paciente/Paginas/inicio.aspx](http://hospitalcoruna.sergas.es/ciudadano/derechos/servicio_atencion_paciente/Paginas/inicio.aspx)
- Rexistro da Dirección Provincial do Sergas, c/ Durán Loriga 3 - 15003 A Coruña
- Valedor do Pobo, Rúa do Hórreo, 65, 15700 Santiago de Compostela, A Coruña ou a través da súa páxina web:  
<http://www.valedordopobo.com/presentar-unha-queixa>

Comunica as túas queixas: [defensasanimidade@gmail.com](mailto:defensasanimidade@gmail.com)

**ASESORAMIENTO XURÍDICO GRATUITO**